



XI Premio de Relato Curto

Primeiro accésit

A piccola violinista

Pseudónimo: Renata Carosone

Autoría: **Montserrat Pis Marcos**

Era unha vez unha *piccola* violinista que vivía a cabalo entre dúas cidades de pedra. A primeira atopábase ó final do camiño das estrelas. A segunda era un Nacemento fuxido dunha bola de neve. Cando a sacudían, un vento cruel e xélido percorría as rúas desertas levando consigo todo o que atopaba ó seu paso. Pola contra, na cidade das estrelas as agullas da catedral facíanlle tantas cóxegas ás nubes que estas choraban constantemente da risa, asolagando todo.

Esta nena tiña a curiosa habilidade de ser capaz de frear o vento e de secar as nubes co son do seu violín. Sempre que os seus dedos tomaban o arco e facían vibrar as cordas, todo ó seu redor quedaba en suspenso, agardando ansiosamente a melodía que interpretase. Tódalas cousas aprenderan a escoitala, dende as trabes do teito ata ó último cravo das paredes, e o tempo flotaba mansiño ó seu redor esquecéndose de seguir adiante. Por iso cada vez que a chuvia ou os vendavais ameazaban a existencia de calquera dos dous lugares, a *piccola* violinista abría as fiestras da súa casa e deixaba que as notas voasen libremente e enfeitizasen o aire.

Ninguén endexamais lle deu as grazas porque ninguén endexamais se decatou do poder que tiña aquela rapaza nas súas mans. Ela sabíao, mais xamais llo dixo a ninguén. A única que compartía o segredo era a súa compañeira de habitación, unha nena de auga que só falaba en verso e contemplaba o devir dos áxiles dedos da súa amiga cun respecto case relixioso. Ningunha das dúas sacara xamais o tema. Non era necesario.



Ademas de violinista, aquela rapaza era *piccolissima*, como a serenata, realmente pequena, tan diminuta que cando se encollía en si mesma case se desvanecía na música da súa habitación pacífica e vermella. E era xusto que así fose, porque tiña que compensar co seu tamaño reducido a enorme ánima que lle correspondera cando repartiron os espíritos ó principio do mundo. O cosmos esixía ese equilibrio, tan delicado coma o nivel de humidade que pode soportar un violín, e tan necesario: a harmonía. Dese tema ela sabía moito.

Por desgraza a *piccola* violinista atopábase dividida porque as dúas cidades de pedra reclamaban constantemente a súa atención e ela non podía coidar das dúas simultaneamente. As nubes escachaban coa risa en canto ela deixaba de tocar pezas melancólicas, e o aire aproveitaba para competir coa súa orquestra de vento co instrumento de corda da rapaza. Como elixir unha cando non podía estar ó tempo en ambos os sitios, como privilexiar a unha das dúas sobre á outra cando a *piccola* violinista formaba xa parte dos dous mundos e era incapaz de prescindir da responsabilidade de velar pola supervivencia de ambas as dúas. Era unha mágoa que as notas non emigrasen como as anduriñas ou se pudiesen enviar como pombas mensaxeiras.

A solución ocorréuselle á *piccola* violinista unha noite na que a nena de auga estaba inusualmente faladora e non deixaba de ter ideas en octosílabos con rima asonante, de xeito que chegada a un certo punto parecía que lle estivese cantando unha historia ou recitando un conxuro. Iso era o que tiña que facer! Tiña que ensinalles ás cidades a enmeigarse a si mesmas. Tiña que ensinalas a cantar.

Non foi unha tarefa sinxela. As cidades de pedra distínguense pola súa mala memoria, malia a ser gardiás de milleiros de lembranzas. A cousa é que non son elas as que teñen que recordalas, senón que só as sosteñen para que non esvaezan. Supoño que non se pode entender o complicado que resulta ensinar a unha cidade a cantar unha melodía se non se fixo nunca.

A *piccola* violinista comezou por pasear co seu violín polas rúas da bóla de neve e tocar sen previo aviso, pillando as pedras desprevidas e sacudíndoas coa súa música. Sorprende de este modo a tódolos edificios, a tódalas escaleiras, a tódalas casas daquel Nacemento de tamaño natural. Paseniñamente o verniz sucesivo de melodías foi impregnando todo o ambiente ó seu redor ata que unha tarde, ó solpor, a



moza se decatou de que a cidade canturrexaba polo baixiño ó son do seu violín. Os paseantes comentaban o acertado da iniciativa do concello de instalar un servizo de altofalantes nas rúas. A *piccola* violinista escoitaba e sorría mentres o vento ouveaba, cheo de carraxe, prendido do cumio dun dos montes da bisbarra.

Ensinar a cantar á cidade das estrelas requeriu unha estratexia distinta porque as nubes xa eran unhas melómanas empedernidas acostumadas ós concertos de campás entre a néboa. O único que podía facer a *piccola* violinista era axudalas a controlar os seus ataques de risa, e para iso seleccionou do seu repertorio as melodías máis melancólicas e tristes que coñecía. Despois de xogar ás agachadas cun orballo que era incapaz de estar quedo fixo un pacto coa auga das fontes e coa que esvaraba mansiñamente polas fachadas para que non afogasen á vila coas súas frecuentes visitas e a cambio regaloulles dúas sonatas e o primeiro movemento dunha sinfonía. A cidade das estrelas aprendeu a cantar moito máis á présa porque levaba anos escoitando os músicos ambulantes das rúas e amargándose ante o soño frustrado de devir soprano. E certamente tiña unha bela voz.

A *piccola* violinista por fin podía durmir tranquila. As súas dúas cidades de pedra xa estaban a salvo porque podían coidar de si mesmas. Ela era libre. Agora podía asentarse definitivamente nun lugar e dedicarse por enteiro a si mesma. Pero entón decatouse de que unha vez máis volvía a estar dividida porque deixara un pedaciño seu prendido de todas e cada unha das cancións que entonaban a auga das fontes ou o rumor das árbores. Pero esta vez era unha división distinta. Xa non tiña a necesidade de elixir a unha das dúas: podía ter ambas. A *piccola* violinista –pequena só por fóra– tiña dúas partes pero non tiña dous pedazos. Simplemente pertencía a dúas terras diferentes. E ambas as dúas sabían toca-lo violín.